



EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

ÁREA DE RECURSOS SOSTIBLES. GRANXA PROVINCIAL GAYOSO CASTRO

Anuncio

Por Resolución da Presidencia de data 26 de abril de 2024, apróbase o seguinte prego de cláusulas administrativas que rexerán o procedemento de concorrencia pública non competitiva e adxudicación directa.

PREGO REITOR DO PROCEDEMENTO DE ALLEAMENTO DE 13 CABALOS DE RAZA MESTIZA MEDIANTE CONCORRENCIA PÚBLICA NON COMPETITIVA E ADXUDICACIÓN DIRECTA

De conformidade ás previsións contidas na Lei 33/2003 de 3 de novembro do Patrimonio das Administracións Públicas e o seu regulamento de aplicación, aprobado polo Real Decreto 1373/2009, de 28 de agosto e do Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Administracións Locais, procedese a establecer as bases que rexerán o alleamento de 13 semoventes - cabalos de raza mestiza- de titularidade provincial mediante procedemento de concorrencia pública non competitiva e adxudicación directa a cuxo fin redactase o prego reitor coas condicións xerais que servirán para o seu outorgamento e adxudicación e disposto segundo o seguinte ÍNDICE:

- Cláusula 1. Obxecto do procedemento.
- Cláusula 2. Réxime xurídico
- Cláusula 3. Capacidade para contratar.
- Cláusula 4. Procedemento de alleamento.
- Cláusula 5. Convocatoria do procedemento e prazo.
- Cláusula 6. Tipo único de adxudicación.
- Cláusula 7. Gastos esixibles ao adxudicatario
- Cláusula 8. Forma de presentación das solicitudes de participación.
- Cláusula 9. Mesa de valoración.
- Cláusula 10. Cualificación previa da documentación administrativa.
- Cláusula 11. Orde de prelación da solicitudes.
- Cláusula 12. Pagamento.
- Cláusula 13. Proposta de adxudicación.
- Cláusula 14. Falta de ofertas.
- Cláusula 15. Formalización da transmisión.
- Cláusula 16. Xurisdición Competente.

Cláusula 1. Obxecto do procedemento.

É obxecto do presente procedemento o alleamento, por medio de concorrencia pública non competitiva de xeito individualizado, de 13 cabalos de raza mestiza que forman parte da explotación de gando equino existente na Granxa Provincial Gayoso Castro que por diversos motivos non resultan convenientes para o desenvolvemento actual do rabaño equino provincial segundo relación de semoventes que se xunta

Cláusula 2. Réxime xurídico.

- Lei 7/1985 do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.
- Lexislación básica e de aplicación xeral da Lei 33/2003, do 3 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas.- LPAP-
- Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, aprobado polo Real Decreto Legislativo 781/1986, do 18 de abril.-RBEL-
- A lexislación autonómica de réxime local Lei 5/97 do 22 de xullo, reguladora da Administración Local de Galicia e a Lei 5/2011 do 30 de setembro do Patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Real Decreto 1372/1986 que aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais.
- Lexislación non básica da Lei 33/2003, do 3 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas e o seu Regulamento aprobado polo Real Decreto 1373/2009, do 28 de agosto.

· E suplementariamente a Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público e demais normativa xeral de carácter administrativo ou civil.

- E sen prexuízo da lexislación que de carácter sectorial sexa de aplicación.

Ademais, as partes quedan sometidas expresamente ao establecido neste prego de condicións e a presentación de ofertas implica a aceptación de todos os seus extremos.

Cláusula 3. Capacidade para contratar.

Poderán concorrer á presente licitación por si o mediante representación, as persoas físicas ou xurídicas, españolas ou estranxeiras, que conten coa plena posesión da súa capacidade de obrar e non se atopen comprendidas en ningunha das circunstancias que sinala o artigo 71 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

As empresas poderán acreditar o cumprimento dos requisitos de capacidade, solvencia e non estar incursos en prohibicións para contratar, mediante a presentación dunha declaración responsable do representante da empresa ou da persoa física licitante na que declare que, o mesmo ou a empresa á que representa, reúne os requisitos de capacidade e solvencia esixidos para contratar coa administración, incluíndo unha referencia expresa a encontrase ao corrente das súas obrigas tributarias e coa seguridade social. Achégase como ANEXO II a este prego o modelo de declaración responsable.

Os documentos acreditativos da personalidade e capacidade solo serán esixidos a quen resulte proposto como adxudicatario.

Quedaran excluídas do procedemento as proposicións presentadas por licitadores que non reúnen os requisitos de capacidade e solvencia ou non aporten ou emenden a documentación acreditativa da súa personalidade, capacidade e/ou solvencia.

Cláusula 4. Procedemento de alleamento.

O presente procedemento de alleamento efectuarase en réxime de concorrencia non competitiva e adxudicación directa.

Cláusula 5. Convocatoria do procedemento e prazo

A convocatoria publicárase no Boletín Oficial da Provincial de Lugo.

O prazo para presentar as proposicións será de 7 días naturais a contar desde o día seguinte a dita publicación.

Cláusula 6. Tipo único de adxudicación.

Cada cabeza de gando adxudicárase a favor de quen presente a oferta segundo o prezo sinalado para cada exemplar interesado e identificado polo seu número de crotal e pola orde de presentación da proposta.

Por debaixo do prezo único establecido para cada exemplar non se efectuará ningunha adxudicación.

A oferta económica consistirá unicamente en diñeiro metálico e non se admitirá aprazamento no pagamento.

Cláusula 7. Gastos esixibles ao adxudicatario.

Para tomar parte neste procedemento non se esixirá aos licitadores a constitución de garantía.

Serán por conta do adxudicatario os impostos pertinentes e os gastos derivados de transporte ou doutra índole.

Cláusula 8. Forma de presentación das solicitudes de participación.

Os licitadores que concorran ao presente procedemento presentarán a través do rexistro xeral desta Deputación de Lugo a seguinte documentación de carácter xeral referente ás condicións para ser admitido ao procedemento:

- a) Solicitud, de acordo co Anexo I.
- b) Os que comparezan ou asinen proposicións en nome doutro ou representen a unha persoa xurídica expresarán esta circunstancia e o documento que acredite a dita representación por calquera medio válido en dereito e que deixe constancia fidedigna da súa existencia e de conformidade ao establecido no artigo 5 da Lei 39/2015, de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas será requirido de resultar proposto como adxudicatario.
- c) Declaración responsable de non atoparse en causa de prohibición ou incompatibilidade, en situación de seren declaradas ou solicitaran concurso de acredores, fosen declaradas insolventes en calquera procedemento, estean suxeitas a intervención xudicial ou fosen inhabilitadas conforme ao Real Decreto Lexislativo 1/2020, de 5 de maio, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Concursal e de estar ao corrente coas obrigas tributarias expedidas pola Axencia Estatal da Administración Tributaria, de non ter débedas pendentes coa Comunidade Autónoma Galega e coa Deputación Provincial de Lugo e, de ser o caso, de estar ao corrente de pagamento coas obrigas da Seguridade Social. Anexo II.

· d) Documento de aceptación de forma de comunicación/notificación: Que autorizo expresamente a que as comunicacións e notificacións que realice a Deputación de Lugo en relación a este procedemento sexan efectuadas a través da sede electrónica e ou na seguinte dirección de correo electrónico :

Cláusula 9. Mesa de Valoración.

O órgano de adxudicación estará asistido pola Mesa de Valoración que será o órgano competente para a cualificación e comprobación da documentación achegada polos interesados e para elevar posteriormente a correspondente proposta de adxudicación. Estará composta polos seguintes membros:

PRESIDENTE:

Titular: A Directora da Granxa Provincial Gayoso Castro, Sonia Verdes Gil

Suplente: Funcionario da Granxa Provincial Gayoso Castro, Gonzalo Rodríguez Ferreiro

VOGAL:

Titular: A xefa da Sección III de Patrimonio, Ana María Vila Vázquez

Suplente: Funcionaria da Granxa da Deputación Provincial Gayoso Castro, Carmen Rodríguez Iglesias

SECRETARIO:

Titular: O Secretario Xeral, José Antonio Mourelle Cillero

Suplente: A técnico da Sección de Patrimonio, Vanesa Vázquez Abad

Cláusula 10. Cualificación previa da documentación administrativa.

Examinada esta documentación, determinarase se existe algunha causa de exclusión por incumprimento dos requisitos contidos no presente prego de condicións. De existir, a Mesa excluírá do procedemento ao ofertante, salvo que o defecto, omisión ou erro material fora emendable a cuxos efectos outorgarase 3 días naturais dende o requirimento de emenda, baixo apercibimento de exclusión definitiva do procedemento. Non se admitirá ningunha emenda fóra do indicado prazo, declarándose a non admisión mediante resolución motivada.

As proposicións non admitidas quedarán excluídas do procedemento de selección e adxudicación.

Cláusula 11. Orde de prelación das solicitudes.

Inmediatamente a Mesa de Valoración elaborará a listaxe das ofertas recibidas pola orde de presentación atendendo á hora e día de presentación da solicitude.

As ofertas presentaranse de conformidade ao Anexo III.

Cláusula 12. Pagamento.

A oferta económica consistirá unicamente en diñeiro metálico, e non se admitirá aprazamento no pagamento, que se fará efectivo mediante ingreso do prezo na Tesourería Provincial da Deputación Provincial de Lugo no número de conta sinalado ao efecto, no prazo dos dez días seguintes á notificación da adxudicación.

Coa presentación do xustificante bancario do ingreso realizado a nome desta Deputación Provincial o adxudicatario procederá a retirar o exemplar adxudicado o día e hora acordados coa organización da Granxa Gayoso Castro.

No suposto de que non se efectúe o pagamento no dito prazo entenderase que desiste da solicitude realizada, decaendo de todos os dereitos derivados da participación no procedemento de alleamento.

Procedéndose nese caso á tramitación necesaria co licitador seguinte, pola orde en que quedaran clasificadas as ofertas.

Cláusula 13. Proposta de adxudicación.

O licitador que non autorizou a esta Deputación Provincial para solicitar os certificados relativos as obrigas tributarias ou coa Seguridade Social, a Mesa requirirao para que presente a seguinte documentación, que poderá ser expedida por medios electrónicos, informáticos ou telemáticos:

a) Obrigas Tributarias.

- Certificación positiva, expedida pola Axencia Estatal de Administración Tributaria, de acharse ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias ou declaración responsable de non estar obrigado a presentalas.

- Certificación positiva, expedida pola Administración Tributaria da Xunta de Galicia, xustificativa da inexistencia coa Administración Autonómica de débedas de natureza tributaria en período executivo ou, no caso de contribuíntes contra os que non proceda a utilización da vía de constrinximento, débedas non atendidas en período voluntario.

- Certificación administrativa expedida polo órgano competente da Admón. de esta Deputación polo que acredite non ter débedas en período executivo con esta.

b) Obrigas coa Seguridade Social.

- Certificación positiva, expedida pola Tesouraría Territorial da Seguridade Social, de acharse ao corrente no cumprimento das súas obrigas coa Seguridade Social, ou declaración responsable de non estar obrigado a presentalas.

c) Outra documentación.

Calquera outros documentos acreditativos da súa aptitude para contratar coas Administracións Públicas e/ou de calquera outra circunstancia que lle reclame o órgano competente.

De non se cumprimentar axeitadamente este requirimento, entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose nese caso a solicitar a mesma documentación ao licitador seguinte, pola orde en que quedaran clasificadas as ofertas.

Comprobada a dita documentación e individualmente por cada exemplar licitado, a Mesa fará unha proposta de adjudicación ao Órgano Competente a favor das ofertas que, axustándose ao presente prego de condicións, se formularon conforme aos requisitos esixidos. Dita proposta de adjudicación non crea dereito ningún a favor do licitador proposto.

O órgano competente poderá, sempre antes de proceder á adjudicación, renunciar a/s adjudicación/s por razóns de interese público debidamente xustificadas no expediente, ou desistir do procedemento en caso de producirse unha infracción non emendable das normas de preparación do contrato ou das reguladoras do procedemento de adjudicación.

Cando o órgano competente non adjudique o referido ben de acordo coa proposta formulada pola Mesa deberá motivar a súa decisión. O órgano competente deberá proceder á adjudicación dentro dos quince días hábiles seguintes á recepción da documentación.

A adjudicación deberá ser motivada, notificarse aos candidatos ou licitadores e procederase a asinar o documento administrativo de venta.

Cláusula 14. Falta de ofertas.

Despois da celebración da licitación, cando non fosen adjudicados todos os semoventes, fora declarada falida ou deserto este procedemento, o órgano competente poderá acordar a cesión de xeito gratuíto en beneficio, coidado e sostibilidade e sostibilidade de asociacións, entidades ou comunidades xurídicas relacionadas co medio natural.

Cláusula 15. Formalización da transmisión.

A transmisión de titularidade sobre a cabeza de gando adjudicado entenderase perfeccionada pola firma da acta de entrega do mesmo entre o adjudicatario e esta Entidade Provincial e coa presentación do xustificante bancario do ingreso realizado a nome desta Deputación Provincial no prazo establecido.

Do mesmo xeito deberá indicar o código REGA da explotación de destino do animal adjudicado e os datos do transporte (matrícula do camión ou remolque, NIF do condutor e código ATES) para proceder á emisión do documento de traslado e realizar os trámites correspondentes na Oficina Virtual de Gandaría (OVGAN).

Se o solicitante non se presenta á firma da acta de recepción ou non efectúe o pagamento no prazo sinalado entenderase que desiste da solicitude realizada, decaendo de todos os dereitos derivados da participación no procedemento de alleamento.

Neste caso continuarase a tramitación necesaria co licitador seguinte, pola orde en que quedaran clasificadas as ofertas.

Cláusula 16. Xurisdición Competente.

As diferenzas que poidan xurdir entre a Deputación de Lugo e o adquirente en canto á interpretación, modificación, resolución e efectos deste prego de condicións da presente transmisión serán resoltas polo respectivo órgano provincial poñendo os seus acordos fin á vía administrativa.

Todos os litixios, preitos ou cuestións xudiciais que deriven desta transmisión de titularidade someteranse aos Tribunais competentes con xurisdición en Lugo.

Lugo, 29 de abril de 2024.- O Secretario Xeral, José Antonio Mourelle Cillero

ANEXO I. SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN NO PROCEDEMENTO CONVOCADO POLA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO PARA O ALLEAMENTO DE DIVERSAS CABEZAS DE GANDO EQUINO DA GRANXA PROVINCIAL GAYOSO CASTRO.

D. _____
con DNI: _____ e con domicilio a efectos de notificacións en _____
_____ N° _____, piso _____ C.P. _____ de _____
co número de teléfono _____ actuando no meu propio nome
ou no nome e representación de _____,
segundo documentación que acredita da dita representación e co Código REGA da explotación de destino -----

EXPÓN:

Que é súa vontade PARTICIPAR no procedemento convocado pola Deputación de Lugo para o alleamento de diversas cabezas de gando equino da Granxa Provincial Gayoso Castro e, con esa finalidade, aporta a seguinte documentación:

a) Declaración responsable de non atoparse en causa de prohibición ou incompatibilidade, en situación de seren declaradas ou solicitaran concurso de acredores, fosen declaradas insolventes en calquera procedemento, estean suxeitas a intervención xudicial ou fosen inhabilitadas conforme ao Real Decreto Lexislativo 1/2020, de 5 de maio, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Concursal e de estar ao corrente coas obrigas tributarias expedidas pola Axencia Estatal da Administración Tributaria, de non ter débedas pendentes coa Comunidade Autónoma Galega e coa Deputación Provincial de Lugo e, de ser o caso, de estar ao corrente de pagamento coas obrigas da Seguridade Social. De acordo ao Anexo II.

b) Documento de aceptación de forma de comunicación/notificación:

Que autorizo expresamente a que as comunicacións e notificacións que realice a Deputación provincial de Lugo en relación a este procedemento sexan efectuadas a través da sede electrónica no seguinte enderezo de correo electrónico: _____

En _____, a ___ de _____ de 2024

Asdo. _____

ANEXO II. MODELO DE DECLARACIÓN RESPONSABLE.

D. _____
con DNI: _____ e con domicilio a efectos de notificacións en _____
_____, N° _____, piso _____ C.P. _____ de _____
actuando no meu propio nome ou no nome e representación de _____,
segundo documentación que acredita da dita representación

Declaro baixo a miña responsabilidade:

1.- Que non estou incurso en ningunha das causas de prohibición ou incompatibilidade para contratar coa administración e que os administradores da persoa xurídica que represento non están incursos en ningunha das causas de prohibición ou incompatibilidade para contratar coa administración das enumeradas no artigo 71 da Lei 9/2017 de 8 de novembro.

2.- Que estou o corrente no pago das obrigas tributarias e de seguridade social, nos termos establecidos polos artigos 13 e 14 do Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas.

3.- Que non teño pendente de pago ningunha débeda en período executivo coa Deputación de Lugo.

4.- Que autorizo a esta Deputación Provincial a solicitar os certificados relativos as obrigas tributarias ou coa Seguridade Social.

Todo o que manifesto baixo a miña responsabilidade para a presentación na licitación para a adxudicación do procedemento convocado pola Deputación Provincial de Lugo para o alleamento de diversas cabezas de gando equino da Granxa Provincial Gayoso Castro.

En _____, a ___ de _____ de 2024

Asdo. _____

ANEXO III. OFERTA DE PARTICIPACIÓN NO PROCEDIMENTO CONVOCADO POLA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO PARA O ALLEAMENTO DE DIVERSAS CABEZAS DE GANDO EQUINO DA GRANXA PROVINCIAL GAYOSO CASTRO.

Que e o meu interese participar no procedemento coa seguinte oferta:

OFERTA SI	OFERTA NON	Crotal/NPU	Especie	Sexo	Raza	Nacemento	Prezo €
		724911270009031	Cabalos	Macho	Conxunto Mestizo	08/05/2010	70,00 €
		724911270009032	Cabalos	Femia	Conxunto Mestizo	08/05/2010	70,00
		724911270009033	Cabalos	Macho	Conxunto Mestizo	04/04/2011	70,00
		724911270009034	Cabalos	Femia	Conxunto Mestizo	09/09/2002	70,00
		724911270009035	Cabalos	Macho	Conxunto Mestizo	04/04/2011	70,00
		724911273002528	Cabalos	Macho	Conxunto Mestizo	08/08/2013	70,00
		724911273002529	Cabalos	Femia	Conxunto Mestizo	08/08/2004	70,00
		724911273002530	Cabalos	Femia	Conxunto Mestizo	15/09/2013	70,00
		724911273000382	Cabalos	Macho	Conxunto Mestizo	08/08/2013	70,00
		724911270009026	Cabalos	Macho	Conxunto Mestizo	04/04/2011	70,00
		724911273000384	Cabalos	Femia	Conxunto Mestizo	08/08/2013	70,00
		724911270009030	Cabalos	Macho	Conxunto Mestizo	08/09/2004	70,00
		724911273002531	Cabalos	Femia	Conxunto Mestizo	08/09/2001	70,00

En _____, a ____de_____ de 2024

Asdo. _____

CONCELLOS**CERVO***Anuncio***Expte: 96/2023****DECRETO**

María Dolores García Caramés, alcaldesa do Concello de Cervo (Lugo), en virtude das atribucións que me confiren os artigos 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime local e 61 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración Local de Galicia.

Visto o Decreto da Alcaldía núm. 2022-1132, de data 19/12/2022, polo que se aproba, entre outros, a convocatoria e as bases xerais e específicas reguladoras dos procesos selectivos correspondentes ás prazas de estabilización de emprego temporal do Concello de Cervo incluídas na oferta de emprego público 2021 e publicado no BOP de Lugo núm. 294 do luns, 26 de decembro de 2022.

Visto que nos BOP de Lugo: núm. 10 do venres, 13 de xaneiro de 2023; núm. 19 do martes, 24 de xaneiro de 2023 e núm. 23 do sábado, 28 de xaneiro de 2023, publícanse as correccións de erros materiais advertidos nas Bases Xerais que rexerán e regularán a convocatoria e desenvolvemento dos procesos extraordinarios de estabilización do emprego temporal ao abeiro da Oferta de Emprego Público de 2021.

Visto que no BOE núm. 8, do 10 de xaneiro de 2023, publicouse o anuncio da convocatoria das prazas sometidas ao proceso selectivo da oferta extraordinaria de estabilización do emprego temporal, no que se establecía un prazo de presentación de solicitudes de vinte días a contar dende o seguinte ao da publicación, entre as que se atopa unha praza de MESTRE/A DE EDUCACIÓN INFANTIL, XORNADA A TEMPO PARCIAL (60%), como persoal laboral fixo, mediante o sistema de concurso oposición, quenda libre.

Rematado o prazo para a presentación de solicitudes, de conformidade co disposto nas Bases de selección en canto a requisitos e forma de acreditarlos, con data 9 de abril de 2024, publicouse no BOP de Lugo, número 82, a lista provisional de admitidos e excluídos, outorgándose un prazo de dez días hábiles para a emenda de defectos e concluído dito prazo,

RESOLVO:

PRIMEIRO.- Aprobar a lista definitiva de persoas admitidas e excluídas ao proceso citado.

a) PERSOAS ASPIRANTES ADMITIDAS:

APELIDOS E NOME	DNI	ACREDITACIÓN GALEGO
EXPÓSITO GARCÍA, ELISA	***8229**	SI
FERNÁNDEZ ACEVEDO, ANTÍA	***8493**	NON
GARCÍA FERNÁNDEZ, LAURA	***9004**	SI

b) PERSOAS ASPIRANTES EXCLUÍDAS:

APELIDOS E NOME	DNI	ACREDITACIÓN GALEGO	MOTIVO EXCLUSIÓN
PAZOS BELLÓN, MARÍA SONIA	***7640**	SI	(1)

(1) Non acredita estar en posesión, ou en condicións de obtelo antes do remate do prazo de presentación de solicitudes, Da certificación negativa emitida polo Rexistro Central de delinquentes sexuais acreditativa de non estar condenado por sentenza firme por algún delito contra a liberdade e indemnidade sexual que inclúe a agresión e abuso sexual, o acoso sexual o exhibicionismo e provocación sexual, a prostitución e a explotación sexual e corrupción de menores, así como a trata de seres humanos, requirido para participar na convocatoria e proceso selectivo, segundo o disposto ao efecto nas bases que o regulan.

SEGUNDO.- Nomear as persoas membros do Tribunal cualificador que a continuación se sinalan:

PRESIDENTE/A:

Titular: José García Insua, Tesoureiro accidental do Concello de Cervo.

Suplente: Francisco Quinzá – Torroja García, Técnico do Servizo de Formación par o Emprego e Orientación, da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración.

SECRETARIO/A:

Titular: Victor Voces López, Secretario do Concello de Xove.

Suplente: José Luís López Fernández, Encargado de Obras-Arquitecto Técnico do Concello de Burela.

VOGAIS:

Titular: Elena Santos Rey, Interventora do Concello de Xove.

Suplente: Mónica Barcía Paredes, Axente de Emprego e Desenvolvemento Local do Concello de Ribadeo.

Titular: Alberto Rapa Martínez, Técnico de Recursos Humanos do Concello de Xove.

Suplente: José Luís Gegunde López, Traballador Social do Concello de Ribadeo.

Titular: Alfredo Sesar Peón, Secretario do Concello de O Vicedo.

Suplente: Manuel Marcelino Campos Ratueira, Arquitecto Técnico do Concello de Cervo.

TERCEIRO.- Citar as persoas que forman o Tribunal cualificador para que comparezan o día 13 de maio do ano que andamos, as 13:30 horas no Edificio FOREM, na Avda. de Galicia, 1 – Cervo (Lugo), para a súa constitución e posterior valoración de méritos das persoas aspirantes admitidas.

CUARTO.- Publicar a presente resolución no BOP de Lugo, no taboleiro de anuncios físico e na sede electrónica do Concello de Cervo.

Contra a Resolución que aproba a presente lista de admitidos/as e excluídos/as con carácter definitiva, as persoas aspirantes poderán interpoñer recurso potestativo de reposición diante da Alcaldía, no prazo de un mes contado a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no BOP de Lugo, ou ben recurso contencioso-administrativo diante do Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte á citada publicación no BOP, sen prexuízo de que poda interpoñer calquera outro que estime procedente.

Cervo, 29 de abril de 2024.- A alcaldesa, María Dolores García Caramés.

R. 1224

Anuncio

Expte. 97/2023

DECRETO

María Dolores García Caramés, alcaldesa do Concello de Cervo (Lugo), en virtude das atribucións que me confiren os artigos 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime local e 61 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración Local de Galicia.

Visto o Decreto da Alcaldía núm. 2022-1132, de data 19/12/2022, polo que se aproba, entre outros, a convocatoria e as bases xerais e específicas reguladoras dos procesos selectivos correspondentes ás prazas de estabilización de emprego temporal do Concello de Cervo incluídas na oferta de emprego público 2021 e publicado no BOP de Lugo núm. 294 do luns, 26 de decembro de 2022.

Visto que nos BOP de Lugo: núm. 10 do venres, 13 de xaneiro de 2023; núm. 19 do martes, 24 de xaneiro de 2023 e núm. 23 do sábado, 28 de xaneiro de 2023, publícanse as correccións de erros materiais advertidos nas Bases Xerais que rexerán e regularán a convocatoria e desenvolvemento dos procesos extraordinarios de estabilización do emprego temporal ao abeiro da Oferta de Emprego Público de 2021.

Visto que no BOE núm. 8, do 10 de xaneiro de 2023, publicouse o anuncio da convocatoria das prazas sometidas ao proceso selectivo da oferta extraordinaria de estabilización do emprego temporal, no que se establecía un prazo de presentación de solicitudes de vinte días a contar dende o seguinte ao da publicación, entre as que se atopa unha praza de MESTRE/A EDUCACIÓN INFANTIL CON XORNADA A TEMPO COMPLETO e tres prazas de MESTRE/A EDUCACIÓN INFANTIL CON XORNADA A TEMPO PARCIAL (80%) como persoal laboral fixo, mediante o sistema de concurso, quenda libre.

Rematado o prazo para a presentación de solicitudes, de conformidade co disposto nas Bases de selección en canto a requisitos e forma de acreditarlos, con data 9 de abril de 2024, publicouse no BOP de Lugo, número 82, a lista provisional de admitidos e excluídos, outorgándose un prazo de dez días hábiles para a emenda de defectos e concluído dito prazo,

RESOLVO:

PRIMEIRO.- Aprobar a lista definitiva de persoas admitidas e excluídas ao proceso citado.

a) PERSOAS ASPIRANTES ADMITIDAS:

APellidos e Nome	DNI	ACREDITACIÓN GALEGO
ÁLVAREZ BASANTA, DOLORES	***9192**	SI
AMADO FERREIRO, ALBA MARÍA	***9029**	SI
BASANTA DÍAZ, ÁUREA	***9919**	SI
CANDAL LÓPEZ, BRUNO	***9605**	SI
GARCÍA MESA, GLORIA	***8092**	SI
OROSA LÓPEZ, CRISTINA ELENA	8110**	SI

b) PERSOAS ASPIRANTES EXCLUÍDAS:

APellidos e Nome	DNI	ACREDITACIÓN GALEGO	MOTIVO EXCLUSIÓN
PÉREZ DOPICO, DIEGO	***1454**	SI	(1) (2) (3)
VALLE LOVELLE, RAQUEL	***4517**	SI	(3)

(1) Non acredita estar en posesión, ou en condicións de obtelo antes do remate do prazo de presentación de solicitudes, do título requirido para participar na convocatoria e proceso selectivo, segundo o disposto ao efecto nas bases que o regulan.

(2) Non presenta o formulario/ modelo que figura como Anexo IV, para a valoración dos méritos alegados na fase de concurso ou no concurso (segundo proceda), recollido na cláusula 2.2 Solicitudes de participación, das bases Específicas que rexerán e regularán a convocatoria e desenvolvemento dos procesos extraordinarios de estabilización do emprego temporal do Concello de Cervo.

(3) Non acredita estar en posesión, ou en condicións de obtelo antes do remate do prazo de presentación de solicitudes, Da certificación negativa emitida polo Rexistro Central de delinquentes sexuais acreditativa de non estar condenado por sentenza firme por algún delito contra a liberdade e indemnidade sexual que inclúe a agresión e abuso sexual, o acoso sexual o exhibicionismo e provocación sexual, a prostitución e a explotación sexual e corrupción de menores, así como a trata de seres humanos, requirido para participar na convocatoria e proceso selectivo, segundo o disposto ao efecto nas bases que o regulan.

SEGUNDO.- Nomear as persoas membros do Tribunal cualificador que a continuación se sinalan:

PRESIDENTE/A:

Titular: José García Insua, Tesoureiro accidental do Concello de Cervo.

Suplente: Francisco Quinzá – Torroja García, Técnico do Servizo de Formación par o Emprego e Orientación, da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración.

SECRETARIO/A:

Titular: Victor Voces López, Secretario do Concello de Xove.

Suplente: José Luís López Fernández, Encargado de Obras-Arquitecto Técnico do Concello de Burela.

VOGAIS:

Titular: Elena Santos Rey, Interventora do Concello de Xove.

Suplente: Mónica Barcía Paredes, Axente de Emprego e Desenvolvemento Local do Concello de Ribadeo.

Titular: Alberto Rapa Martínez, Técnico de Recursos Humanos do Concello de Xove.

Suplente: José Luís Gegunde López, Traballador Social do Concello de Ribadeo.

Titular: Alfredo Sesar Peón, Secretario do Concello de O Vicedo.

Suplente: Manuel Marcelino Campos Ratueira, Arquitecto Técnico do Concello de Cervo.

TERCEIRO.- Citar as persoas que forman o Tribunal cualificador para que comparezan o día 13 de maio do ano que andamos, as 12:00 horas na no Edificio FOREM, na Avda. de Galicia, 1 – Cervo (Lugo), para a súa constitución e posterior valoración de méritos das persoas aspirantes admitidas.

CUARTO.- Publicar a presente resolución no BOP de Lugo, no taboleiro de anuncios físico e na sede electrónica do Concello de Cervo.

Contra a Resolución que aproba a presente lista de admitidos/as e excluídos/as con carácter definitiva, as persoas aspirantes poderán interpoñer recurso potestativo de reposición diante da Alcaldía, no prazo de un mes contado a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no BOP de Lugo, ou ben recurso contencioso-administrativo diante do Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte á citada publicación no BOP, sen prexuízo de que poda interpoñer calquera outro que estime procedente.

Cervo, 29 de abril de 2024.- A alcaldesa, María Dolores García Caramés.

R. 1225

Anuncio

Expte. 94/2023

DECRETO

María Dolores García Caramés, alcaldesa do Concello de Cervo (Lugo), en virtude das atribucións que me confiren os artigos 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime local e 61 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración Local de Galicia.

Visto o Decreto da Alcaldía núm. 2022-1132, de data 19/12/2022, polo que se aproba, entre outros, a convocatoria e as bases xerais e específicas reguladoras dos procesos selectivos correspondentes ás prazas de estabilización de emprego temporal do Concello de Cervo incluídas na oferta de emprego público 2021 e publicado no BOP de Lugo núm. 294 do luns, 26 de decembro de 2022.

Visto que nos BOP de Lugo: núm. 10 do venres, 13 de xaneiro de 2023; núm. 19 do martes, 24 de xaneiro de 2023 e núm. 23 do sábado, 28 de xaneiro de 2023, publicanse as correccións de erros materiais advertidos nas Bases Xerais que rexerán e regularán a convocatoria e desenvolvemento dos procesos extraordinarios de estabilización do emprego temporal ao abeiro da Oferta de Emprego Público de 2021.

Visto que no BOE núm. 8, do 10 de xaneiro de 2023, publicouse o anuncio da convocatoria das prazas sometidas ao proceso selectivo da oferta extraordinaria de estabilización do emprego temporal, no que se establecía un prazo de presentación de solicitudes de vinte días a contar dende o seguinte ao da publicación, entre as que se atopa unha praza de TRABALLADOR/A SOCIAL como persoal laboral fixo, mediante o sistema de concurso, quenda libre.

Rematado o prazo para a presentación de solicitudes, de conformidade co disposto nas Bases de selección en canto a requisitos e forma de acreditarlos, con data 9 de abril de 2024, publicouse no BOP de Lugo, número 82, a lista provisional de admitidos e excluídos, outorgándose un prazo de dez días hábiles para a emenda de defectos e concluído dito prazo, consta presentado escrito de Isis Pereira Figueroa, con RE núm. 2024-E-RE-268, que aporta o formulario/ modelo que figura como Anexo IV, para a valoración dos méritos alegados no concurso.

Visto canto antecede;

RESOLVO:

PRIMEIRO.- Aprobar a lista definitiva de persoas admitidas e excluídas ao proceso citado.

a) PERSONAS ASPIRANTES ADMITIDAS:

APellidos e Nome	DNI	ACREDITACIÓN GALEGO
DÍAZ NORES, PAOLA	***6446**	NON
DURÁN GARCÍA, DIANA	***9177**	SI
FILGUEIRAS LÓPEZ, NURIA	***6153**	SI
GARCÍA GARCÍA, LORENA MARÍA	***5118**	NON
MARTÍNEZ NEIRA, ANA MARÍA	***3513**	SI
PEREIRA FIGUEROA, ISIS	***8263**	SI
PEREIRO SORDO, BEATRIZ	***3578**	SI

PÉREZ REY, YOLANDA	***9967**	SI
SÁNCHEZ MARIÑA, EVA MARÍA	***9448**	SI
ZAS CASTRO, MARÍA MANUELA	***5357**	SI

b) PERSOAS ASPIRANTES EXCLUÍDAS:

-NINGUNHA.

SEGUNDO.- Nomear as persoas membros do Tribunal cualificador que a continuación se sinalan:

PRESIDENTE/A:

Titular: José García Insua, Tesoureiro accidental do Concello de Cervo.

Suplente: Francisco Quinzá – Torroja García, Técnico do Servizo de Formación par o Emprego e Orientación, da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración.

SECRETARIO/A:

Titular: Victor Voces López, Secretario do Concello de Xove.

Suplente: José Luís López Fernández, Encargado de Obras-Arquitecto Técnico do Concello de Burela.

VOGAIS:

Titular: Elena Santos Rey, Interventora do Concello de Xove.

Suplente: Mónica Barcía Paredes, Axente de Emprego e Desenvolvemento Local do Concello de Ribadeo.

Titular: Alberto Rapa Martínez, Técnico de Recursos Humanos do Concello de Xove.

Suplente: José Luís Gegunde López, Traballador Social do Concello de Ribadeo.

Titular: Alfredo Sesar Peón, Secretario do Concello de O Vicedo.

Suplente: Manuel Marcelino Campos Ratueira, Arquitecto Técnico do Concello de Cervo.

TERCEIRO.- Citar as persoas que forman o Tribunal cualificador para que comparezan o día 13 de maio do ano que andamos, as 9:00 horas no Edificio FOREM, na Avda. de Galicia, 1 – Cervo (Lugo), para a súa constitución e posterior valoración de méritos das persoas aspirantes admitidas e realización da proba de galego.

CUARTO.- Citar á aspirante admitida e non exenta da proba de galego, dona Lorena María García García, para a realización da mesma, o día 13 de maio de 2024, ás 10:15 horas, no Edificio FOREM, na Avda. de Galicia, 1 – Cervo (Lugo). A aspirante acudirá provista de DNI.

QUINTO.- Publicar a presente resolución no BOP de Lugo, no taboleiro de anuncios físico e na sede electrónica do Concello de Cervo.

Contra a Resolución que aproba a presente lista de admitidos/as e excluídos/as con carácter definitiva, as persoas aspirantes poderán interpoñer recurso potestativo de reposición diante da Alcaldía, no prazo de un mes contado a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no BOP de Lugo, ou ben recurso contencioso-administrativo diante do Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte á citada publicación no BOP, sen prexuízo de que poda interpoñer calquera outro que estime procedente.

Cervo, 29 de abril de 2024.- A alcaldesa, María Dolores García Caramés.

R. 1226

Anuncio

Expte: 76/2023

DECRETO

María Dolores García Caramés, alcaldesa do Concello de Cervo (Lugo), en virtude das atribucións que me confiren os artigos 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime local e 61 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración Local de Galicia.

Visto o Decreto da Alcaldía núm. 2022-1132, de data 19/12/2022, polo que se aproba, entre outros, a convocatoria e as bases xerais e específicas reguladoras dos procesos selectivos correspondentes ás prazas

de estabilización de emprego temporal do Concello de Cervo incluídas na oferta de emprego público 2021 e publicado no BOP de Lugo núm. 294 do luns, 26 de decembro de 2022.

Visto que nos BOP de Lugo: núm. 10 do venres, 13 de xaneiro de 2023; núm. 19 do martes, 24 de xaneiro de 2023 e núm. 23 do sábado, 28 de xaneiro de 2023, publicanse as correccións de erros materiais advertidos nas Bases Xerais que rexerán e regularán a convocatoria e desenvolvemento dos procesos extraordinarios de estabilización do emprego temporal ao abeiro da Oferta de Emprego Público de 2021.

Visto que no BOE núm. 8, do 10 de xaneiro de 2023, publicouse o anuncio da convocatoria das prazas sometidas ao proceso selectivo da oferta extraordinaria de estabilización do emprego temporal, no que se establecía un prazo de presentación de solicitudes de vinte días a contar dende o seguinte ao da publicación, entre as que se atopa unha praza de AXENTE DE EMPREGO E DESENVOLVEMENTO LOCAL, como persoal laboral fixo, mediante o sistema de concurso, quenda libre.

Rematado o prazo para a presentación de solicitudes, de conformidade co disposto nas Bases de selección en canto a requisitos e forma de acreditarlos, con data 9 de abril de 2024, publicouse no BOP de Lugo, número 82, a lista provisional de admitidos e excluídos, outorgándose un prazo de dez días hábiles para a emenda de defectos e concluído dito prazo,

RESOLVO:

PRIMEIRO.- Aprobar a lista definitiva de persoas admitidas e excluídas ao proceso citado.

a) PERSOAS ASPIRANTES ADMITIDAS:

APELIDOS E NOME	DNI	ACREDITACIÓN GALEGO
CALVO TORQUEMADA, EVA MARÍA	***7808**	SI
VILLARES VÁZQUEZ, MARÍA BELÉN	***9292**	SI

b) PERSOAS ASPIRANTES EXCLUÍDAS:

APELIDOS E NOME	DNI	ACREDITACIÓN GALEGO	MOTIVO EXCLUSIÓN
REJES CANOURA, ISABEL	***9463**	SI	(1)

(1) Non acredita estar en posesión, ou en condicións de obtelo antes do remate do prazo de presentación de solicitudes, do título requirido para participar na convocatoria e proceso selectivo, segundo o disposto ao efecto nas bases que o regulan.

SEGUNDO.- Nomear as persoas membros do Tribunal cualificador que a continuación se sinalan:

PRESIDENTE/A:

Titular: José García Insua, Tesoureiro accidental do Concello de Cervo.

Suplente: Francisco Quinzá – Torroja García, Técnico do Servizo de Formación par o Emprego e Orientación, da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración.

SECRETARIO/A:

Titular: Víctor Voces López, Secretario do Concello de Xove.

Suplente: José Luís López Fernández, Encargado de Obras-Arquitecto Técnico do Concello de Burela.

VOGAIS:

Titular: Elena Santos Rey, Interventora do Concello de Xove.

Suplente: Mónica Barcía Paredes, Axente de Emprego e Desenvolvemento Local do Concello de Ribadeo.

Titular: Alberto Rapa Martínez, Técnico de Recursos Humanos do Concello de Xove.

Suplente: José Luís Gegunde López, Traballador Social do Concello de Ribadeo.

Titular: Alfredo Sesar Peón, Secretario do Concello de O Vicedo.

Suplente: Manuel Marcelino Campos Ratueira, Arquitecto Técnico do Concello de Cervo.

TERCEIRO.- Citar as persoas que forman o Tribunal cualificador para que comparezan o día 13 de maio do ano que andamos, as 10:45 horas no Edificio FOREM, na Avda. de Galicia, 1 – Cervo (Lugo), para a súa constitución e posterior valoración de méritos das persoas aspirantes admitidas.

CUARTO.- Publicar a presente resolución no BOP de Lugo, no taboleiro de anuncios físico e na sede electrónica do Concello de Cervo.

Contra a Resolución que aproba a presente lista de admitidos/as e excluídos/as con carácter definitiva, as persoas aspirantes poderán interpoñer recurso potestativo de reposición diante da Alcaldía, no prazo de un mes contado a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no BOP de Lugo, ou ben recurso contencioso-administrativo diante do Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte á citada publicación no BOP, sen prexuízo de que poda interpoñer calquera outro que estime procedente.

Cervo, 29 de abril de 2024.- A alcaldesa, María Dolores García Caramés.

R. 1227

FOZ

Anuncio

APROBACIÓN INICIAL REGULAMENTO DE CONTROL DE HORARIO E PRESENZA DOS EMPREGADOS PÚBLICOS DO CONCELLO DE FOZ

En sesión ordinaria celebrada polo Concello Pleno o día 25 de abril de 2024 acordouse a aprobación inicial do REGULAMENTO DE CONTROL DE HORARIO E PRESENZA DOS EMPREGADOS PÚBLICOS DO CONCELLO DE FOZ.

O procedemento sométese ao trámite de información pública por un prazo de trinta días hábiles dentro dos cales os interesados poderán examinar o expediente e presentar as reclamacións e suxestións que estimen oportunas.

De conformidade co artigo 49.c) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, se non se presentan reclamacións entenderase definitivamente adoptado o acordo, ata entón provisional, sen necesidade de novo acordo plenario, e procederase á súa publicación, xunto co texto íntegro do Regulamento no BOP, non entrando en vigor ata que esta teña lugar.-

Foz, 26 de abril de 2024.- O alcalde, Francisco Cajoto Caserío.

R. 1233

POL

Anuncio

Por Decreto de Alcaldía de data 24 de abril de 2024 apróbase o Padrón da Taxa pola prestación do Servizo de Abastecemento de Auga correspondente ao primeiro trimestre do ano 2024.

Conforme ao disposto no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria, por medio do presente ponse en coñecemento dos contribuíntes obrigados ao pago das taxas, que dispoñen dun prazo de quince días, contados a partir da publicación do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia, para ser examinados e presentadas as reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevados a definitivos se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formulara ningunha reclamación.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 253.1 da Lei Xeral Tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición ante o Alcalde no prazo dun mes, que comezará a contar dende o día seguinte ao da finalización do período voluntario de pagamento.

ANUNCIO DE COBRANZA

De conformidade co disposto no artigo 62.3 da Lei xeral tributaria e o no artigo 68.1 b) do Regulamento xeral de recadación, fíxase como prazo de ingreso en período voluntario o comprendido entre o 08/05/2024 ao 08/07/2024 ámbolos dous inclusive.

Para o cobro dos mesmos, os contribuíntes que non teñan domiciliados os recibos serán lles enviados ó enderezo declarado ao efecto para que poidan efectuar o pago en calquera oficina de Abanca ou Caixa Rural. No caso de non recibilos, o contribuínte poderá obter un duplicado nas oficinas municipais, a non recepción non exonera da obriga de pagamento nin impide a utilización da vía de constrinximento.

A falla de pagamento do canon da auga suporá ausencia do mesmo directamente pola Consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia. A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano competente da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo dun mes dende esta notificación.

A presente publicación, ao amparo do artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria, terá os efectos de notificación colectiva das respectivas liquidacións tributarias de cada un dos suxeitos pasivos.

Pol, 24 de abril de 2024.- O alcalde, Lino Rodríguez Ónega.

R. 1234

Anuncio

Por Decreto de Alcaldía, de data 24 de abril de 2024, procedeuse á aprobación do Padrón do prezo público pola prestación do servizo de axuda no fogar correspondente ao mes de marzo de 2024, que se expón ao público polo prazo de quince días hábiles contados a partir do seguinte ao da súa publicación, ao obxecto de que poida ser examinado e presentar contra o mesmo as reclamacións que se estimen pertinentes.

Dita publicación servirá de notificación colectiva a todos os contribuíntes nel comprendidos, ao amparo da Lei Xeral Tributaria.

Pol, 24 de abril de 2024.- O alcalde, Lino Rodriguez Ónega.

R. 1229

QUIROGA

Anuncio

Aprobación Inicial Orzamento Xeral 2024

Aprobado inicialmente polo Pleno da Corporación de data 26 de abril de 2024, o Orzamento Xeral para o exercicio económico de 2024, bases de execución e anexos de persoal, en cumprimento do disposto no artigo 169.1 do R.D. Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, pola que se aproba o texto refundido da Lei reguladora de Facendas Locais e disposicións concordantes, expónse ao público na secretaría deste concello, polo prazo de quince días hábiles, que se contarán dende o día seguinte ao da inserción do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, co fin de que durante o mesmo poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes. De conformidade co acordo adoptado, o Orzamento considerarase definitivamente aprobado, se durante o citado prazo non se presentan reclamacións.

Quiroga, 29 de abril de 2024.- O alcalde, José Luis Rivera Castro.

R. 1230

RIBADEO

Anuncio

Resolucións da Alcaldía núms. 2024-308 e 2024-308 do Concello de Ribadeo pola que, concluído o procedemento selectivo, se nomea persoal para cubrir os postos que se sinalan:

Por Resolucións da Alcaldía citadas, de data 16 de abril de 2024, unha vez concluído o proceso selectivo, efectuouse o nomeamento de:

Identidade	DNI/NIF
Carlos García Fernández	***1775**
Kenia Altagracia Arrindell	***1450**

Características da praza:

Servizo/Dependencia	Medio Ambiente
Ide. Posto	714/3 e 714/4 da RPT municipal
Denominación do posto	Operario limpeza viaria
Natureza	Laboral fixo
Nomeamento	16/04/2024

Escala	Persoal laboral de carácter fixo
Subescala	Operarios
Clase/Especialidade	Operarios
Grupo/Subgrupo	E/ AA.PP.

O que se fai público aos efectos do artigo 62 do texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público aprobado polo Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, e artigo 25.2 do Regulamento Xeral de Ingreso do Persoal ao Servizo da Administración Xeral do Estado e de Provisión de Postos de Traballo e Promoción Profesional dos Funcionarios Cívís da Administración Xeral do Estado aprobado polo Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo.

Ribadeo, 25 de abril de 2024.- O alcalde, Daniel Vega Pérez.

R. 1231

O VICEDO

Anuncio

EXPOSICIÓN Ó PÚBLICO

Por resolución da Alcaldía de 19 de abril de 2024, prestouse aprobación inicial ao padrón correspondente ao mes de marzo de 2024 do prezo público pola prestación do servizo de axuda no fogar.

Consonte ao disposto no artigo 102.3 da Lei xeral tributaria, por medio do presente ponse en coñecemento dos contribuíntes obrigados ao pagamento do prezo público, que dispoñen dun prazo de quince días, contados a partir da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, ao obxecto de que poidan ser examinados e presentar as reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevados a definitivos se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formulara ningunha reclamación.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 223.1 da Lei xeral tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición perante o Sr. Alcalde – Presidente, no prazo dun mes, que comezará a contar dende o día seguinte ao do remate do período voluntario de pagamento.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida xurisdición.

Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

ANUNCIO DE COBRANZA

De conformidade co disposto no artigos 24 e 25 do Regulamento xeral de recadación (R.D. 939/2005), do 29 de xullo, fíxase como prazo de ingreso, en período voluntario, dous meses a contar dende o día da súa publicación no Boletín . Para o cobramento dos mesmos, ós contribuíntes que teñan domiciliados os recibos, estes seranlles adebedados nas contas bancarias respectivas.

Para os demais contribuíntes, os recibos seranlles enviados ó enderezo declarado do suxeito pasivo por correo ordinario para que poidan efectuar o pagamento en calquera oficina das entidades bancarias radicadas no termo municipal do Vicedo.

Transcorrido o prazo de pagamento en período voluntario, iníciarase o período executivo que determina a esixencia dos xuros de demora e dos recargos do período executivo nos termos dos artigos 26 e 28 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria, e no seu caso das costas do procedemento de constrinximento; de acordo co establecido no artigo 161 de dita Lei, procederase á súa recadación pola vía administrativa de constrinximento, segundo o preceptuado no Regulamento xeral de recadación. O recargo será do 5 por 100 cando a débeda non ingresada en período voluntario se satisfaga na súa totalidade antes da notificación ao debedor da providencia de apremio, de acordo co previsto no artigo 28.2 da Lei 58/2003, xeral tributaria, para o que deberán acudir ás oficinas municipais para o selado dos correspondentes recibos.

A presente publicación, nos dous supostos, de edicto de exposición ao público dos padróns e anuncio de cobranza en fase voluntaria, ten o carácter de notificación colectiva, ao abeiro do establecido no artigo 102 da referida Lei xeral tributaria.

O Vicedo, 19 de abril do 2024.- O alcalde, José Jesús Novo Martínez.

R. 1232